

TORNEO MARIO KART WII

DESCRIPCIÓN

A pesar da súa relativamente curta vida, os videoxogos forman parte da cultura popular e do día a día de moitísimas persoas. Dende o Facom Fest, recoñecemos a importancia da industria dos videoxogos no marco xeral do audiovisual e no entretemento de xeracións enteiras. Por isto, traemos á Facultade de Ciencias de Comunicación unha actividade retrospectiva que levará a moitos a súa infancia: o Torneo de Mario Kart Wii 2025.

A actividade consistirá en varias carreiras en parellas de Mario Kart Wii, culminando nunha partida de Grand Prix entre os dous mellores equipos. O equipo gañador recibirá unha pequena recompensa de parte do equipo Facom Fest 2025.

BASES

1. O torneo terá lugar o xoves 20 de novembro ás 18:00 h en Visionado 3 e estará aberto ao público espectador.
2. O torneo xogarase en equipos de 2 persoas que deberán inscribirse neste formulario ata o mércores 19 de novembro.
3. Haberá un máximo de 16 xogadores/as (8 equipos). As prazas fixaranse por orde de inscrición, quedando a partir de aí en lista de agarda.
4. Todas as carreiras realizaranse en 150cc con CPU e todos contra todos.
5. Sumaranse os puntos dos/as 2 participantes do equipo para determinar a súa clasificación.
6. Os/as participantes poderán escoller tanto o personaxe, como o vehículo e a transmisión (automática ou manual).
7. Os/as participantes xogarán cos mandos proporcionados pola organización.
8. Non se permitirá ningún tipo de conduta antideportiva, acoso, discriminación ou uso de trampas.
9. O premio outorgarase ao rematar o torneo e anunciarase nas redes do festival (@facomfest).

DESENVOLVEMENTO

O torneo consta de tres rondas: cuartos de final, semifinal e final.

Nos cuartos de final participan os oito equipos inscritos, enfrontados en catro eliminatorias a ida e volta (é dicir, cada eliminatoria consta de dúas carreiras, unha pista escollida por cada equipo). Ao termo de cada carreira, sumaranse os puntos dos/as xogadores/as de cada equipo. O equipo con máis puntos pasará á seguinte etapa. O que teña menos, quedará eliminado.

Desta primeira ronda eliminatoria resultarán catro equipos que pasarán a semifinais. Esta etapa ten o mesmo funcionamento que a primeira. Os equipos enfrontaranse, podendo escoller cada un unha pista, sen repetir a súa elección. Desta ronda sairán os dous equipos finalistas.

Na fase final, xogarase a Copa Especial. Os/as concursantes competirán nos 4 circuitos e gañará o equipo que sume máis puntos nesas 4 carreiras.



FaCoM
FEST 2025